

**DOCUMENTO MARCO PARA A ELABORACIÓN, PRESENTACIÓN E
DEFENSA DO TFM**

**MESTRADO UNIVERSITARIO EN DIRECCIÓN, XESTIÓN E INNOVACIÓN DE
INSTITUCIÓN ESCOLARES**

FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

QUE É O TRABALLO DE FIN DE MESTRADO (TFM)?

- O Traballo de Fin de Mestrado (TFM) é unha materia obrigatoria do Plano de Estudos, de 6 créditos e supón a realización por parte del alumno dun proxecto ou estudo, no que aplique e desenvolva os coñecementos adquiridos no Mestrado. O Traballo deberá estar orientado á aplicación das competencias asociadas á titulación.
- Os TFM poden ser traballos de investigación ou un proxecto de dirección (de acordo co establecido no RD 894/2014, de 17 de outubro, polo que se desenvolven as características do curso de formación sobre o desenvolvemento da función directiva, establecido no artigo 134.1.c) da Lei Orgánica de Educación, así como dos correspondentes cursos de actualización de competencias directivas (BOE, núm. 270, de 7 de novembro).

QUEN NOMEA AO PROFESORADO TITOR DO TFM E CANDO?

- O profesorado encargado de dirixir os TFM establecerá as liñas temáticas que poderán abordarse nos TFM que dirixa.
- Na aplicación informática de TFM (na Intranet da web da Facultade) publicaranse as liñas temáticas e a oferta de prazas por profesor/a. Cada profesor/a do Mestrado poderá dirixir como máximo dous TFM.
- De acordo coas datas establecidas no calendario de TFM dos Mestrados, o alumnado presentará unha elección priorizada das liñas temáticas e docentes que considere oportuno para realizar o seu TFM.
- A asignación realizarase de acordo coa nota de acceso do estudantado.

QUE É A PROPOSTA DO PROXECTO DE TFM E CÁNDO SE DEBE PRESENTAR?

- A realización do TFM terá como requisito previo a aprobación pola Comisión Académica dunha proposta de TFM.
- Para que unha proposta se considere aceptada, o/a estudante presentará a dita proposta de acordo co modelo establecido (Anexo I) e co visto bo do profesorado titor.
- A proposta de TFM presentarase nos prazos establecidos no calendario de TFM dos Mestrados a través de Moodle e dirixirse á coordinación do Mestrado.
- Os axentes participantes no desenvolvemento do TFM (estudante, profesorado titor do TFM e o centro onde o alumnado queira poñer en marcha o seu TFM ou do cal precise documentación ou datos) poderán empregar o documento denominado Declaración de Intencións Investigadoras (consentimento) co fin de establecer de maneira concreta a colaboración entre o centro e o desenvolvemento do TFM (Anexo II).

QUÉ TIPO DE TRABALLOS SE PODEN FACER COMO TFM?

O TFM deberá realizarse de forma individual e baixo a dirección do profesorado titor. O alumnado poderá elixir entre dous tipos de traballos:

- **Traballo de investigación:** O propósito desta modalidade é comunicar os resultados derivados dun proceso de investigación orixinal levado a cabo polo/a estudante nalgunha das liñas temáticas establecidas.
- **Proxecto de dirección:** O propósito desta modalidade é elaborar un documento no que se recolla o programa que o/a estudante propón poñer en marcha nun centro educativo nun período de tempo (o centro no que realice as súas prácticas ou no que estea contratado), indicando as liñas básicas de actuación a desenvolver para acadar os obxectivos que no mesmo se determinan e no tempo establecido para facelos efectivos.

QUE CARACTERÍSTICAS DEBE CUMPRIR O TFM?

O TFM deberá ter as seguintes características:

- Entre 50 e 75 páxinas en total.
- Tipo de letra: Times New Roman 12 puntos.
- Interliñado: 1,5.
- Marxes: 2,5 cm. superior e inferior / 3 cm. dereito e esquerdo.
- Papel DIN-A4.

ESQUEMA TIPO DO TFM (TRABALLO DE INVESTIGACIÓN)

- Portada (Anexo III)
- Declaración de autenticidade e non plaxio (Anexo IV)
- Dedicatoria (opcional)
- Índice xeral
- Listaxe de táboas (si o traballo o esixe)
- Listaxe de figuras (si o traballo o esixe)
- Resumo e palabras chave (máximo cinco) (no idioma do traballo e en inglés)
- Introducción/Achegamento ao estudo
 - o Xustificación e importancia do estudo
 - o Descrición e definición do problema
 - o Formulación de obxectivos
 - o Marco teórico ou referencial
- Método
 - o Marco metodolóxico da revisión bibliográfica ou do estudo empírico realizado
- Resultados
- Conclusións e discusión
- Referencias bibliográficas
- Anexos ou apéndices (de ser necesario)
- Tamén é factible presentar o traballo como tipo artigo de publicación científica con extensión mínima de 7.000 palabras e máxima de 10.000 excluindo o resumo/abstract, referencias bibliográficas, táboas, figuras, apéndices e notas.

ESQUEMA TIPO DO TFM (PROXECTO DE DIRECCIÓN).

Esta estrutura establécese de acordo coas instrucións recollidas na lexislación vixente e deberá recoller os seguintes apartados:

- Portada (Anexo III)
- Declaración de autenticidade e non plaxio (Anexo IV)
- Dedicatoria (opcional)
- Índice xeral
- Listaxe de táboas (si o traballo o exige)
- Listaxe de figuras (si o traballo o exige)
- Resumo e palabras chave (máximo cinco) (no idioma do traballo e en inglés)
- Introducción/ Achegamento ao proxecto de dirección (qué é?, normativa básica de referencia, a quen vai dirixido?,...)
- Xustificación do proxecto (misión, visión ,valores)
- Análise diagnóstica da situación do centro docente (técnicas e instrumentos empregados para a análise)
- Áreas de mellora
- Obxectivos do proxecto de dirección (deberá facerse referencia, entre os seus obxectivos xerais e as liñas prioritarias de actuación en materia de igualdade)
- Plans de actuación, liñas de actuación e a súa temporalización
- Recursos e organización do centro para acadar os obxectivos
- Seguimento e avaliación do proxecto de dirección (indicadores)
- Referencias bibliográficas
- Anexos ou apéndices (de ser necesario)

UNHA VEZ FINALIZADO O TFM, QUE PROCEDEMENTO SE DEBE SEGUIR PARA PRESENTALO?

- O alumnado deberá preinscribirse de maneira oficial para a defensa do TFM co fin de garantir o número de tribunais que se precisen. A preinscrición realizarase nas datas establecidas no calendario de TFM dos mestrados e de acordo co modelo establecido como Anexo V.
- O TFM subirase a Moodle en formato pdf para o depósito do mestrado, acompañado coa solicitude de defensa do TFM que aparece na secretaría virtual do alumnado unha vez que o director/a cubra o informe na súa secretaría virtual. Para a defensa pública do TFM será requisito ter aprobadas todas as restantes materias do Mestrado (tal como se especifica na normativa da UDC).

COMO SE SABE CANDO SE DEBE DEFENDER O TFM?

- A proposta da coordinación do Mestrado, a Comisión Académica determinará os tribunais que cualificarán cada un dos TFM presentados, e acordará e notificará o lugar, día e hora fixados para a súa defensa, de acordo coas datas establecidas no calendario de TFM dos Mestrados.
- A coordinación do Mestrado fará público o calendario completo de defensas.

QUE CRITERIOS DEBEN TERSE EN CONTA PARA A LECTURA E A DEFENSA DO TFM?

- O/a estudante deberá expoñer o traballo e defendelo ante un tribunal que será nomeado pola Comisión Académica. O dito tribunal estará formado por tres profesores/as do equipo docente do título.
- O acto de lectura e defensa terá lugar en sesión pública durante o período lectivo do curso académico e será convocado e feito público.
- A defensa consistirá na exposición oral do TFM durante un tempo máximo de 15 minutos, no que se dará conta dos aspectos máis relevantes da investigación. Poderá empregar os medios de apoio, audiovisuais e doutro tipo, que estime pertinentes.
- Para a avaliación do traballo terase en conta tamén a presentación pública e as respostas ás preguntas do tribunal. Valorarase especialmente o rigor académico e científico, a consistencia e coherencia do proceso desenvolvido e as achegas orixinais.
- Terminada a defensa do traballo, o tribunal formulará por escrito unha valoración sobre ela para o cal empregará o informe recollido como Anexo VI.

AVALIACIÓN

- A cualificación outorgarase en función da escala numérica de 0 a 10, con expresión dun decimal de acordo co Real decreto 1125/2003, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio estatal: 0,0 -4,9: Suspenso (SS); 5,0 -6,9: Aprobado (AP); 7,0 -8,9: Notable (NT); 9,0 -10: Sobresaliente (SB).
- O tribunal cumprimentará o informe de avaliación individual e as correspondentes actas de cualificación individual (Anexo VII) e colectiva (Anexo VIII). O/a presidente/a fará públicas as actas e as remitirá á coordinación do Mestrado.
- Cada tribunal poderá propoñer a concesión motivada da mención de "Matrícula de Honra" a TFM que foran avaliados e cunha cualificación igual ou superior a 9. A Comisión Académica do Mestrado, á vista dos informes, decidirá sobre a asignación destas mencións e a coordinación do Mestrado elevará un acta complementaria do acordo á Secretaría do Centro. O número destas mencións non poderá exceder do cinco por cento do alumnado matriculado na correspondente materia de TFM, salvo que o número de alumnado matriculado sexa inferior a 20, en cuxo caso poderá conceder unha soa "Matrícula de Honra"; sempre de acordo coa normativa da UDC.

PÓDESE PUBLICAR O TFM NO REPOSITORIO INSTITUCIONAL DA UDC?

- Unha vez finalizado o proceso de defensa e avaliación do TFM e pechadas as actas de cualificacións, e sempre e cando a avaliación teña sido positiva, poderase incorporar ao Repositorio Institucional da UDC a copia dixital do TFM, quedando rexistrada coma unha publicación en formato electrónico, e salvagardándose os dereitos de propiedade intelectual do/a estudante e do/a director/a. Para isto o/a estudante deberá contar coa autorización da dirección do traballo e seguir o procedemento establecido

pola Xunta de Facultade. O trámite formalizarase co correspondente impreso de solicitude, dispoñible na web da Facultade e na do mestrado.

Anexo I. Proposta de TFM

PROPOSTA DE TRABALLO DE FIN DE MESTRADO

PARA CUBRIR O/A ESTUDANTE

Apelidos e nome:

DNI: Teléfono:

Enderezo electrónico:

TÍTULO DA PROPOSTA DE TFM(galego).....

.....

TÍTULO DA PROPOSTA DE TFM (castelán)

.....

TÍTULO DA PROPOSTA DE TFM (inglés)

.....

Apelidos e nome do/a director/a:

.....

TITULACIÓN: **Mestrado Universitario en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares**

CURSO ACADÉMICO:/.....

PROXECTO

(ANEXAR DOCUMENTO)

Suxírese que conteña os seguintes elementos:

1. Resumo, nunhas mil palabras do contido do proxecto (antecedentes, obxectivos do traballo, metodoloxía e plano do traballo).
2. Esquema do sumario ou índice xeral (posible estrutura en capítulos e principais epígrafes do traballo que se vaia realizar).
3. Selección bibliográfica coas principais publicacións que se van emregar.

A Coruña, de de

Visto e prace

da dirección académica

Sinatura

do/a estudante

Para entregar á coordinación do Mestrado: mestrado.dixin@udc.es

Anexo II. Declaración de intencions investigadoras (consentimento)

PROPOSTA PARA A REALIZACIÓN DUN ESTUDO EMPÍRICO NA ENTIDADE:

Denominación da entidade:

Investigador/a (estudiante da UDC):

Finalidade xeral:

.....
.....

Obxectivos menores:

.....
.....
.....

Método de recollida de datos:

Poderanse realizar entrevistas, consultas aos documentos facilitados pola entidade colaboradora, observacións e, cando as circunstancias o permiten e sempre co acordo das persoas implicadas-colaboracións nas aulas e participación nas actividades da entidade (mediante a observación participante, a elaboración de propostas socio-educativas ou programas de formación, gravacións, etc.).

Confidencialidade:

Nas posibles comunicacións e publicacións asociadas a este estudo, non se revelarán as identidades das persoas implicadas nel (tanto directa como indirectamente), nin a localización da entidade ou identidade da entidade colaboradora. Manterase un estrito anonimato e aplicaranse os protocolos correspondentes á recollida e utilización de datos sensibles e á protección e integridade das persoas menores e adultas participantes, conforme á normativa referente á protección de datos de carácter persoal.

Periodicidade e duración:

A partir do mes de do curso/....., realizarase cando menos unha visita semanal ao centro. As ditas visitas poderán continuar ata finais do mes de (adaptar á situación).

Formato de presentación final do estudo:

O estudo empírico plasmarase nun traballo de investigación nun Traballo de Fin de Mestrado (TFM) para o **Mestrado Universitario en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares** da Facultade de Ciencias da Educación da UDC. Haberá, así mesmo, unha breve exposición dos contidos deste ante un tribunal de profesorado universitario. A comunidade universitaria podería ter acceso á versión final se o tribunal recomenda a súa inclusión no repositorio de traballos (o RUC) da UDC.

Lugar, de de

Asdo.:

Estudiante-investigador da UDC

Asdo.:

Representante da
entidade colaboradora

Asdo.:

Profesor/a titor/a da UDC

TRABALLO DE FIN DE MESTRADO

**MESTRADO UNIVERSITARIO EN DIRECCIÓN, XESTIÓN E INNOVACIÓN DE
INSTITUCIÓN ESCOLARES**

FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN



TÍTULO (no idioma oficial utilizado no TFM)

TÍTULO (no outro idioma oficial)

TÍTULO (en inglés)

CURSO: ANO/ANO

ESTUDANTE: (apelidos e nome)

DIRECTOR/A DO TFM: (apelidos e nome)

Anexo IV. Declaración de autenticidade e non plaxio

DECLARACIÓN

D/D^a..... estudante do
Mestrado Universitario en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares da Facultade
de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña, con DNI/Pasaporte
.....

Declaro que:

1. Son autor/a do Traballo Fin de Mestrado titulado:

.....
...
.....
...

2. O traballo non foi plaxiado nin total nin parcialmente, para o cal respectáronse as normas internacionais de citas e referencias para as fontes consultadas.
3. O traballo presentado non atenta contra dereitos de terceiros.
4. O traballo non foi publicado nin presentado anteriormente para obter algún grao académico previo ou título profesional.
5. A información presentada nos resultados son reais, non foron falsificados, nin duplicados, nin copiados.

Polo exposto, asumo fronte a UNIVERSIDADE calquera responsabilidade que puidera derivarse pola autoría, orixinalidade e veracidade do contido do traballo, así como polos dereitos sobre a obra presentada.

De identificarse fraude, piratería, plaxio, falsificación ou que o fora publicado anteriormente, asumo as consecuencias e sancións que da miña acción se deriven, someténdome á normativa vixente da Universidade da Coruña.

Lugar e data

Sinatura

Anexo V. Preinscripción para a defensa do TFM (*)

(*) Esta preinscripción non garante a posterior avaliación positiva da dirección académica, requisito indispensable para a defensa do TFM.

**TRABALLO DE FIN DE MESTRADO
PREINSCRIPCIÓN E SOLICITUDE DE DEFENSA PÚBLICA**

PARA CUBRIR O/A ESTUDANTE

Apelidos e nome:

DNI: Teléfono:

Enderezo electrónico:

TÍTULO DO TFM(galego).....

.....

TÍTULO DO TFM (castelán)

.....

TÍTULO DO TFM (inglés)

.....

Apelidos e nome do/a director/a:

.....

TITULACIÓN: **Mestrado Universitario en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares**

CURSO ACADÉMICO:

SOLICITA DEFENDER O TFM:

NA OPORTUNIDADE EXTRAORDINARIA (FEBREIRO 20)

NA OPORTUNIDADE DE XUÑO/XULLO DE 20

NA OPORTUNIDADE DE SETEMBRO DE 20

A Coruña, de de

Visto e prace
da dirección académica

Visto e prace
do/a estudante

Para entregar á coordinación do Mestrado: mestrado.dixin@udc.es

Anexo VI. Informe de avaliación do tribunal do TFM

TRABALLO DE FIN DE MESTRADO INFORME DE AVALIACIÓN

TRIBUNAL N.º

Constituído polas seguintes persoas:

Presidente/a:

Vogal:

Secretario/a:

Data e hora de inicio: **Data e hora de fin:**

DATOS DO TFM

Apelidos e nome do/a autor/a :

DNI:

TÍTULO en galego:

.....

.....

TÍTULO en castelán:

.....

.....

TÍTULO en inglés:

.....

.....

DIRECCIÓN ACADÉMICA:

.....

TITULACIÓN: **Mestrado Universitario en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares** CURSO

ACADÉMICO:

Indicar idioma do TFM: Indicar idioma da defensa:

VALORACIÓN DO PROCESO E DO TFM					
	Deficiente	Regular	Bo	Moi bo	Excelente
Orixinalidade					
Metodoloxía					
Resultados					
Adecuación ao mestrado					
Adecuación ao documento marco de TFM					
Exposición e defensa					
Observacións:					

Cualificación final (entre 0 e10): _____

Proposta para matrícula de honra

Motivos que xustifican a proposta de matrícula de honra:

Proposta para a publicación do traballo no RUC

A Coruña, de de

Anexo VIII. CUALIFICACIÓNS DEFINITIVAS EMITIDAS POLO TRIBUNAL**TRABALLOS DE FIN DE MESTRADO
CONVOCATORIA DE DE**

APELIDOS E NOME DO/A ESTUDANTE	CUALIFICACIÓN FINAL

A Coruña, de de

PRESIDENTA/E	VOGAL	SECRETARIO/O
Asdo.:	Asdo.:	Asdo.:

Unha copia para publicar no taboleiro do mestrado e outra copia para entregar á coordinación xunto co resto da documentación do alumnado avaliado, unha vez pechadas as actas correspondentes.